

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES CULTURALS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL”.

A concesión das subvencións realizarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva, establecéndose ao efecto, as seguintes BASES:

Base 1ª.- Finalidade

Son obxecto de subvención e polo tanto, incluídas dentro destas bases as seguintes accións executadas durante o exercicio orzamentario que se determine na correspondente convocatoria:

1. As actividades culturais de carácter anual caracterizadas por unha duración no tempo prolongada e que supoñen a actividade principal das entidades.
2. Os eventos culturais caracterizados por unha duración no tempo de tipo puntual.

E que redunden na:

- Dinamización social e cultural en todas as súas vertentes
- No beneficio das correspondentes colectividade e do interese xeral, potenciando a historia, a música e as tradicións de Galiza, o uso do idioma galego en todas as actividades que se leven a cabo.
- Actividades de potenciación do patrimonio material e inmaterial do país.

E fundamentalmente aquelas actividades, accións ou comportamentos con especial;

- Incidencia sobre unha accesibilidade ampla e dirixidas a poboación en xeral e que incidan na promoción dos valores culturais, artísticos e tradicionais da área de influencia onde se desenvolvan.
- Incidencia sobre a adecuación do seu proxecto ao interese das comarcas onde se leven a cabo.
- Incidencia sobre o emprego da lingua galega no seu desenvolvemento.
- Incidencia sobre a adecuación do seu proxecto en relación coas necesidades e características dos sectores de poboación destinatarios da actividade, acción ou comportamento.
- Incidencia sobre iniciativas de nova creación, optimización ou complementariedade das existentes e que constitúan servizos básicos no termo municipal onde se desenvolvan, satisfacendo ou mellorando necesidades non cubertas.
- Incidencia sobre os proxectos que teñan un marcado interese comunitario de forma que reforcen a estrutura social e supoñan un beneficio colectivo para o interese de todos os cidadáns do municipio.

Base 2ª.- Gastos subvencionables

Aos efectos desta convocatoria, enténdese por gastos subvencionables os que respondan indubitablemente á natureza da actividade cuxo importe presentado sexa o custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que o mesmo se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

Base 3ª.- Beneficiarios

Poderán acollerse a estas bases aquelas entidades culturais que no momento da convocatoria solicítelo con arranxo ao establecido nas mesmas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases, atópese na situación que lexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo destas bases as entidades culturais ou asociacións legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial da provincia, sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, os que incorran en:

- a) ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 /1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

- e) non acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes.
- g) ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.
- h) non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa desta Deputación para a mesma actividade.
- k) non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que soliciten subvención para unha actividade que xa obtivo unha subvención da Deputación Provincial de Lugo.
- l) encontrarse nalgún dos supostos que impiden a obtención a condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Base 4ª.- Obrigas dos beneficiarios

- a) aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, á Excma. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b) cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c) acreditar ante a Excma. Deputación Provincial a realización da actuación ó a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d) someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar pola Excma. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, no seu caso. Dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. No entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar, se así o considera, que a mesma efectúese mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos Organismos correspondentes.
- g) conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- i) os perceptores da subvención poderán contratar con terceiros a execución dos proxectos obxecto da mesma.

k) os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de cultura - Vicepresidencia primeira da Excm. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, quedando incursos na obrigaón de someter á consideración da área de cultura a maqueta de toda a publicidade gráfica e audiovisual prevista, sempre antes de ordenar a impresión e difusión, e atender as indicacións que desde este se formulen. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta das subvencións concedidas.

Base 5ª.- Carácter da subvención

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases e de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións para a Excm. Deputación Provincial de Lugo para o ano 2009 terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ó, no seu caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2009, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 6ª.- Orzamento

A cantidade destinada para a concesión de “SUBVENCIONES DE CARÁCTER CULTURAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL” ano 2009, será de seiscentos noventa mil euros (690.000 €) con cargo a partida 4511/48900 do orzamento do presente ano 2009 e contemplada no Plan Estratéxico de subvencións desta Excm. Deputación Provincial de Lugo, área de Cultura na súa liña de actuación B.2. apartado b).

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo que a cantidade subvencionada non alcance o orzamento máximo previsto. Nese caso poderanse compatibilizar ata a contía de devandito orzamento.

A distribución da partida nas diversas finalidades de estas bases quedará constituída en función das necesidades globais da acción subvencionadora do organismo e sempre atendendo ó cumprimento con máxima eficiencia da promoción cultural na provincia de Lugo.

Base 7ª. - Solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Excma Deputación Provincial no prazo establecido na respectiva convocatoria xunto coa seguinte documentación para calquera das distintas finalidades:

- Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así coma o seu sistema de financiamento.
- Certificación do secretario da entidade do orzamento de gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento, segundo modelo normalizado.
- Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.

Así mesmo todos os solicitantes, deberán acompañar a devandita solicitude:

- Certificación orixinal acreditativa da entidade do acordo de solicitude de subvención a Deputación Provincial e do nomeamento do representante da entidade para as relacións coa Deputación Provincial.
- Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- Copia compulsada dos estatutos da entidade.
- Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- Declaración xurada do representante da entidade de ter a entidade que representa a condición de beneficiario.
- Declaración xurada do representante de axudas e subvencións solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- Se é o caso, declaración xurada do representante de non dedución do IVE.

Para a realización das xestións necesarias para conseguir a execución da actividade, acción ou comportamento e, se é o caso, percepción da subvención que lle fose concedida.

- Copia do CIF da entidade.
- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da Entidade Bancaria, da conta na que se procederá, no seu caso, ao ingreso da correspondente subvención, unha

vez tramitada a documentación presentada, na que deberá figurar, como persoa autorizada, o representante ou representantes da entidade.

Cada solicitante so poderá formular unha solicitude para unha das finalidades establecidas.

Base 8ª.- Convocatoria

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial.

Base 9ª.- Valoración das solicitudes

Para a valoración dos proxectos constituirase unha comisión de valoración, cuxa composición será a seguinte:

PRESIDENTE:

O Ilmo.Sr. Presidente da Deputación Provincial ou Deputado en quen delegue ou ou substitúa legalmente.

VOGAIS:

- a) Un representante do grupo provincial do PSOE
- b) Un representante do grupo provincial do BNG
- c) Un representante do grupo provincial do PP
- d) O Deputado Delegado de Cultura
- e) O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou substitúa
- f) A Interventora Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou a substitúa

SECRETARIO:

O Secretario Xeral Adxunto ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Base 10ª.- Resolución

Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Xunta de Goberno. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá subvención algunha ata tanto non se xustificuen axeitadamente subvencións anteriores.

Base 11ª.- Criterios de valoración

Os criterios con base nos cales serán valoradas as solicitudes e, en consecuencia, servirán de base para a determinación das subvencións individualizadas son:

- Interese e calidade da actividade Ata 30 puntos
- Uso e difusión do galego (oral e escrito) na programación da actividade Ata 30 puntos
- Difusión dos valores culturais das comarcas lucenses Ata 20 puntos
- Impacto e repercusión entre a sociedade da actividade cultural que se leva a cabo Ata 25 puntos
- Innovación e creatividade Ata 10 puntos
- Potenciación da participación da mocidade nas actividades culturais realizadas Ata 15 puntos.
- Utilización dos recursos culturais da provincia Ata 15 puntos
- Realización de actividades comarcalizadas entre diferentes asociacións Ata 15 puntos
- Arraigo social e territorial das actividades Ata 10 puntos
- Consolidación das actividades que se levan a cabo Ata 10 puntos
- Realización da actividade en zonas xeográficas cun alto grado de dispersión poboacional ata 20 puntos.

Excepcional e motivadamente poderán terse en conta outros criterios determinados pola Xunta de Goberno na concesión das subvencións.

Base 12ª.- Importe da subvención

As subvencións que a Deputación Provincial poderá conceder non excederán, en ningún caso, do establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	MÁXIMO
Actividades culturais permanentes	8.000 €
Eventos culturais	6.000 €

Tendo o dito importe o carácter de certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actividade.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrancia con outras, de Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión. Con carácter xeral e orientativo, o importe da subvención solicitada será entre o 30% e o 75% do orzamento de gastos da actividade.

A xunta de goberno so concederá unha axuda a cada actividade os efectos de que haxa mais dun participante no concurso que solicite axuda para a mesma actividade.

A Xunta de goberno pode decidir prorratar os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas.

Base 13^a.- Presentación documentación

Toda modelación de impresos oficiais (solicitudes, anexos, etc.) serán aprobados e establecidos pola Xunta de Goberno, e, a convocatoria será publicada no Boletín Oficial da provincia e medios de comunicación social. Un exemplar de devanditos modelos será remitido directamente á Deputación Provincial quedando o outro exemplar en posesión dos interesados.

Base 14^a.- Prazos de execución

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro do 2009.

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non houberse concluído pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial.

Base 15^a. - Comunicación da concesión das subvencións

Unha vez ditada resolución pola Xunta de Goberno na que se determine o solicitante ou relación dos solicitantes, con seus número de solicitude aos que se concede a subvención e a desestimación do resto das solicitudes, notificarase os interesados a resolución do procedemento nun prazo que non poderá exceder de tres meses contado a partir do día da finalización do prazo establecido para a presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen haberse notificado a resolución habilita ós interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a súa solicitude.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

Base 16^a. - Xustificación e abono das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.

Aos efectos do alcance económico da conta xustificativa establécese que o mesmo será, como mínimo, ata o importe da subvención concedida.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse na área de xestión correspondente coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa e custo total da actividade, acción ou comportamento realizado sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando o nivel de logro de obxectivos.
- Acreditación no seu caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento
- Certificación do secretario da entidade dos datos da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa ata o importe do orzamento da actividade ou como mínimo ata o importe da subvención concedida acompañadas por unha relación clasificada das mesmas que conterà a identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión e dunha declaración do representante da entidade que manifieste que os gastos relacionados nesta relación se corresponden cos gastos que soportou a entidade, os cales foron directamente relacionados coa actividade subvencionada e indispensables para a adecuada preparación e / ou a súa execución. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez estampilladas polo órgano xestor.
- Declaración responsable de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social, non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e non ter pendente de xustificación subvencións anteriores coa deputación provincial de Lugo, segundo o modelo normalizado. No entanto, a Deputación Provincial, poderá solicitar, se así o considera, que a mesma efectúese mediante a presentación dos documentos expedidos regulamentariamente polos Organismos correspondentes: Axencia Tributaria Estatal, Deputación Provincial, Seguridade Social e Facenda, para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación Provincial poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.
- Declaración xurada do responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

O abono da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro ou teña pendente de xustificación subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

Base 17ª.- Prazos de xustificación

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partires da execución da actividade e, en calquera caso, antes do 31 de marzo de 2010.

Para os casos establecidos na base 14ª no parágrafo II, este prazo poderá modificarse atendendo a excepcionalidade e motivación que fundamente a modificación do prazo de execución do xeito que o prazo de xustificación sexa coherente coa resolución adoptada.

Transcorrido este prazo establecido de xustificación sen haberse presentado a mesma ante o área de xestión competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

Base 18ª.- Reducións

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reduciráse a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento previo informe da área de xestión competente.

Base 19ª.- Plan anual de comprobación

Aos efectos de comprobar a realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, a deputación provincial elaborará un plan anual de comprobación cuxo alcance será do 10% do total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes a comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria simple sen reposición dos elementos a realizar a través dun programa informático segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir da pechadura de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.
- O cumprimento do obxecto da subvención.
- A conta xustificativa ata o importe da subvención concedida.

Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados, na relación clasificada presentada.

- Aqueles datos que pola súa natureza puideron repercutir sobre o proceso de concurrencia competitiva danando dereitos de terceiros.

A deputación provincial poderá realizar este plan de comprobación directamente ou a través da contratación dun servizo externo de auditorias.

Base 20^a.- Supostos de reintegro

No caso de que o beneficiario incorra nalguna anomalía para obter a subvención ou incumprimento da natureza da actividade total ou parcialmente, así como o incumprimento do contido das bases para a concesión das mesmas, a entidade deberá proceder ao reintegro das cantidades percibidas.

Por causa xustificada, poderá accederse a petición que se formule polos beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actividade programada e que, no seu caso, non poida ser executada de forma orixinaria, e a súa resolución será adoptada polo mesmo Órgano que outorgou a subvención.

Base 21^a.- Outras disposicións

No non previsto nestas "BASES" estarase ao disposto en

- a) A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- b) R. D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- d) A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- e) O Regulamento Orgánico da Deputación
- f) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.